

Nas restantes instalacións deportivas e pola prestación de servizos sinalados na presente ordenanza, o período impositivo coincidirá co período petitionado polo suxeito pasivo para a utilización da instalación, devengándose a taxa no momento de formalizar a solicitude.

ARTIGO 9º.—INFRACCIÓN E SANCIÓN.

Nesta materia estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria e normativa de desenvolvemento.

DISPOSICIÓN FINAL.

A modificación da presente Ordenanza Fiscal, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2014, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

18º.—ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR DOCUMENTOS QUE SE EXPIDAN OU DOS QUE ENTENDA A ADMINISTRACIÓN OU AUTORIDADE LOCAL A INSTANCIA DE PARTE.

ARTIGO 1º.—NATUREZA E FUNDAMENTO.

O Pleno do Concello, no uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, e polos artigos 15 a 19 e 57 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, acorda a imposición e ordenación da taxa polos documentos que expidan ou dos que entenda o Concello ou as autoridades locais, a instancia de parte.

ARTIGO 2º.—FEITO IMPOÑIBLE.

- 1.— Constitúe o feito imponible da taxa a actividade administrativa desenvolvida con motivo da tramitación, a instancia de parte, de toda clase de documentos que expida e de expedientes de que entenda a Administración ou as autoridades municipais.
- 2.— A estes efectos, entenderase tramitada a instancia de parte calquera documentación administrativa que fora provocada polo particular ou redunde no seu beneficio, aínda que non mediara solicitude expresa do interesado.

ARTIGO 3º.—SUXEITO PASIVO.

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria que soliciten, provoquen ou que no seu interese redunde a tramitación do documento ou expediente de que se trate.

ARTIGO 4º.—RESPONSABLES.

Serán responsables solidarios e subsidiarios das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 42 e 43 da Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 5º.—COTA TRIBUTARIA.

- 1.— A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada segundo a natureza dos documentos ou expedientes a tramitar, de acordo coas tarifas que contén o artigo seguinte.
- 2.— A cota da tarifa corresponde á tramitación completa, en cada instancia, do documento ou expediente de que se trate, desde a súa iniciación ata a súa resolución final, incluída a certificación e notificación ó interesado do acordo recaído.
- 3.— As cotas resultantes por aplicación das anteriores tarifas incrementaranse nun 50 por 100 cando os interesados solicitasen con carácter de urxencia a tramitación dos expedientes.

ARTIGO 6º.—BENEFICIOS FISCAIS.

Gozarán de exención aqueles contribuíntes nos que conorra algunha das seguintes circunstancias:

- a) Que soliciten certificacións requeridos polos Servizos Sociais deste Concello.
- b) Os estudantes que soliciten certificacións, sempre que dita certificación garde relación co obxecto do seu estudo, baixo criterio do Servizo de Xestión Tributaria.

ARTIGO 7º.—COTA TRIBUTARIA.

A contía da taxa será a resultante da aplicación das tarifas contidas neste artigo.

TARIFAS	
CONCEPTO	€/ UNIDADE
Certificacións de empadramento, convivencia, residencia, e outras (agás para trámites escolares, Seguridade Social, INEM, e semellantes)	2,45
Certificacións de acordos, apertura de establecementos, etc.	7,85
Expedientes de ruína (independentemente da fianza)	38,95
Certificacións de condicións de edificabilidade	8,95
Copias de planos urbanísticos e catastrais	0,85
Exptes. de solicitude de informes á Comisión Patrimonio	23,40
Exptes. Solicitude de autorización ó Servizo Provincial de Urbanismo	38,95
Bastanteo de poderes para surtir efectos nas Oficinas Municipais	7,85
Fotocopias de escritos ou documentos en formato A-4	0,19
Fotocopias de escritos ou documentos en formato A-3	0,30
Fotocopias de escritos ou documentos en formato A-2	1,11
Fotocopias de escritos ou documentos en formato A-1	1,83
Fotocopias de escritos ou documentos en formato A-0	3,60
Solicitudes de autorización promovidas por particulares, á Deputación, etc.	3,95
Por expedición doutras licencias non contidas nos apartados anteriores	18,00
Por expedición de copias de informes ou atestados de accidentes confeccionados pola Policía Local	86,35

ARTIGO 8º.—PERCEPCIÓN.

- 1.— Percíbese a Taxa e nace a obriga de contribuír cando se presente a solicitude que inicie a tramitación dos documentos e expedientes suxeitos ó tributo.
- 2.— Nos casos a que se refire o número 2 do artigo 2º, o devengo prodúcese cando teñan lugar as circunstancias que provoquen a actuación municipal de oficio ou cando esta se inicie sen previa solicitude do interesado pero redunde no seu beneficio.

ARTIGO 9º.—NORMAS DE XESTIÓN.

- 1.— A Taxa esixirase en réxime de autoliquidación, e normalmente polo procedemento do selo municipal adherido ó escrito de solicitude da tramitación do documento ou expediente, ou nestes mesmos se aquel escrito non existira, ou a solicitude non fora expresa.
- 2.— Os escritos recibidos polos conductos a que fai referencia o artigo 38 da Lei 30/92, que non veñan debidamente reintegrados, serán admitidos provisionalmente, pero non lle poderá dar curso sen que se subsane a deficiencia, e para tal fin se requirirá ó interesado para que, no prazo de dez días, abone as cotas correspondentes; co apercibimento de que, transcorrido dito prazo sen efectualo, teranse os escritos por non presentados e será arquivada a solicitude.
- 3.— As certificacións ou documentos que expida a Administración municipal a petición dos Xulgados ou Tribunais para toda clase de preitos, cando sexan probas propostas a instancia de parte, non se entregarán nin remitirán sen que previamente se tivera aboado a correspondente cota tributaria.

ARTIGO 10º.—INFRACCIÓNS E SANCIÓN S.

En todo o relativo á cualificación de infracción s tributarias, así como das sanción s que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL.

A modificación da presente Ordenanza Fiscal, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2014, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

**19º.—ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA INSCRIPCIÓN
NAS PROBAS SELECTIVAS DE PERSOAL DO CONCELLO DE CAMBADOS.**

ARTIGO 1º.—NATUREZA E FUNDAMENTO.

A presente Ordenanza regula a taxa pola prestación da actividade de probas selectivas de persoal que organice este Concello, establecida no exercicio da potestade tributaria prevista nos artigos 133.2 da Constitución, artigo 106 da Lei 7/1985 Reguladora das Bases do Réxime Local e nos artigos 20 e 57 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

ARTIGO 2º.—FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito imponible da taxa a inscrición ou matriculación nas probas selectivas que se convoquen para seleccionar ó persoal ó servizo deste Concello, tanto na condición de funcionario, como na condición de persoal laboral.

ARTIGO 3º.—SUXEITO PASIVO.

Será suxeito pasivo da taxa quen solicite a inscrición nas probas selectivas.

ARTIGO 4º.—DEVENGO.

A taxa devengarase no momento en que se solicite a inscrición.

ARTIGO 5º.—TARIFAS E COTA TRIBUTARIA.

A taxa esixirase de acordo coas seguintes tarifas:

	<i>IMPORTE</i>
Grupo A1 e asimilados	38,50 €
Grupo A2 e asimilados	32,90 €
Grupo C1 e asimilados	27,40 €
Grupo C2 e asimilados	22,00 €
Grupo E e asimilados	16,50 €
Probas para contratación s temporais	5,50 €

ARTIGO 6º.—LIQUIDACIÓN E INGRESO.

No momento de presentar a procedente solicitude de inscrición nas probas selectivas, os interesados deberán ingresar a cota que corresponda, de acordo co artigo 5º.

Non será tramitada ningunha solicitude de inscrición para participar nas probas selectivas que non tivera acreditado o pago da taxa.